



Guía Docente				
Datos Identificativos				2013/14
Asignatura (*)	Lingüística Xeral		Código	613G01004
Titulación	Grao en Español: Estudios Lingüísticos e Literarios			
Descriptores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Primeiro	Formación básica	6
Idioma	CastelánGalegoInglés			
Prerrequisitos				
Departamento	Galego-Portugués, Francés e Lingüística			
Coordinación	Morales Lopez, Esperanza	Correo electrónico	e.morales.lopez@udc.es	
Profesorado	Alonso Ramos, Margarita Alvarez Caccamo, Celso Maria Morales Lopez, Esperanza Vazquez Veiga, Nancy Vincze , Orsolya	Correo electrónico	margarita.alonso@udc.es celso.alvarez.caccamo@udc.es e.morales.lopez@udc.es nancy.vazquez.veiga@udc.es orsolya.vincze@udc.es	
Web				
Descripción xeral	Bases teóricas e metodológicas para o estudo e investigación da linguaxe e as linguas, e as súas aplicacións. Esta materia proporciona os coñecementos e destrezas básicos para o seguimento de calquera outra materia de corte lingüístico, e é a única de todo o plan de estudios que ofrece un panorama global das diferentes formas de estudar e entender a linguaxe, e das distintas aplicacións deses coñecementos. Polo tanto, fornece ao estudiante con habilidades básicas para o desenvolvemento de actividades profesionais relacionadas coa linguaxe e, en xeral, coa comunicación.			

Competencias da titulación	
Código	Competencias da titulación
A1	Coñecer e aplicar os métodos e as técnicas de análise lingüística e literaria.
A2	Saber analizar e comentar textos e discursos literarios e non literarios utilizando apropiadamente as técnicas de análise textual.
A3	Coñecer as correntes teóricas da lingüística e da ciencia literaria.
A4	Ter un dominio instrumental avanzado oral e escrito da lingua galega.
A5	Ter un dominio instrumental avanzado oral e escrito da lingua española.
A6	Ter un dominio instrumental avanzado oral e escrito da lingua inglesa.
A9	Elaborar textos orais e escritos de diferente tipo en lingua galega, española e inglesa.
A10	Ter capacidade para avaliar criticamente o estilo dun texto e para formular propostas alternativas e correccións.
A11	Ter capacidade para avaliar, analizar e sintetizar criticamente información especializada.
A14	Ser capaz para identificar problemas e temas de investigación no ámbito dos estudos lingüísticos e literarios e interrelacionar os distintos aspectos destes estudos.
A15	Ser capaz de aplicar os coñecementos lingüísticos e literarios á práctica.
A23	Ter coñecementos de terminoloxía e neoloxía.
B1	Utilizar os recursos bibliográficos, as bases de datos e as ferramentas de busca de información.
B2	Manexar ferramentas, programas e aplicacións informáticas específicas.
B3	Adquirir capacidade de autoformación.
B4	Ser capaz de comunicarse de maneira efectiva en calquera contorno.
B5	Relacionar os coñecementos cos doutras áreas e disciplinas.
B6	Ter capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva.
B7	Ter capacidade de análise e síntese, de valorar criticamente o coñecemento e de exercer o pensamento crítico.
B8	Apreciar a diversidade.
B9	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.
B10	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán/á e profesional.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.



C2	Dominar a expresión e a comprensión de forma oral e escrita dun idioma estranxeiro.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C5	Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrentarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

## Resultados da aprendizaxe

Competencias de materia (Resultados de aprendizaxe)	Competencias da titulación		
Adquirir e organizar novos coñecementos (integrándoo nos xa posuídos) sobre o funcionamento da linguaxe e das linguas, tanto no que atinge á súa estrutura interna como nas súas dimensíons cognitiva, social, aplicada, ...	A3 A11 A14 A15 A23	B1 B3 B5 B7	C6 C7 C8
Interpretar os textos científicos e divulgativos da lingüística, e relacionar os diferentes contidos tratados. Adquirir novo coñecemento a partir da súa lectura, integrándoo de maneira crítica.	A1 A2 A3 A23	B3 B7	C6
Buscar e seleccionar información sobre a linguaxe e as linguas.	A3	B1 B3 B5 B7	C6
Utilizar diferentes metodoloxías e técnicas habituais no estudo da linguaxe.	A1 A3 A11 A15	B5 C6 C8	C3
Analizar a estrutura das linguas nos seus diferentes niveis.	A1 A15	B2 B6 B7	C3
Analizar a linguaxe nas súas dimensíons cognitiva, social, psicolóxica, ...	A1 A3 A11	B2 B3 B5 B7 B9	C3 C6 C8
Sintetizar, relacionar e elaborar xeneralizacións a partir dos datos dispoñibles, de forma selectiva, para a resolución de problemas lingüísticos.	A1 A3	B2 B5 B7 B9	C3 C6 C8
Organizar e expor contidos relativos á linguaxe, as linguas e a comunicación de forma organizada e argumentada, seguindo as pautas aceptadas no campo.	A4 A5 A6 A9 A10 A11 A23	B1 B2 B4 B9 B10	C1 C2 C6



Utilizar modos argumentativos e formas de traballo característicos da ciencia lingüística.	A1 A2 A3 A4 A5 A6 A10 A11	B2 B7 B10	C1 C2 C4 C7
Analizar e comentar textos e discursos utilizando apropiadamente as técnicas de análise.	A1 A2 A10 A11 A15 A23	B4	C1
Traballar cooperativamente na resolución de problemas de carácter lingüístico.	A10 A14 A15	B3 B4 B6 B7	C3 C6
Afrontar sen prexúizos os novos coñecementos sobre a linguaxe, as linguas e a diversidade lingüística, así como as novas perspectivas e métodos.	A1 A11	B1 B3 B5 B7 B8 B9 B10	C7 C8
Seguir e integrar sen prexúizos os avances doutras disciplinas que axuden ao progreso da lingüística, tanto na súa dimensión teórica como na aplicada.	A23	B1 B3 B5 B7 B8 B9 B10	C3 C4 C5 C6 C7 C8
Contribuír ao desenvolvemento científico e social aplicando as competencias adquiridas.	A15	B9 B10	C4 C5 C6 C7 C8

Contidos	
Temas	Subtemas
1. A natureza da linguaxe e a lingüística.	1.1. Características xerais da linguaxe. 1.2. Linguaxe, lingua, fala. 1.3. Competencia(s) e actuación. 1.4. As dimensíons estrutural, social e cognitiva da linguaxe e as linguas. 1.5. Como estudar a linguaxe.
2. A comunicación.	2.1. Definición, elementos e procesos da comunicación. 2.2. Sistemas de comunicación: linguaxe humana e linguaxes dos animais. 2.3. As orixes da linguaxe e das linguas. 2.4. Modos de comunicarse/canais de comunicación: a oralidade, a escrita, a dactilografía; linguas xestuais e tactis.



3. Linguaxe, mente e cerebro.	3.1. Conceptos básicos. A psicolingüística e a neurolingüística. 3.2. Lateralización e localización da linguaxe. 3.3. Patoloxías lingüísticas. 3.4. Adquisición da linguaxe e aprendizaxe das linguas.
4. Os sons das linguas.	4.1. Son lingüístico, fonema e alófono. A fonética e a fonoloxía. 4.2. Fonación, articulación e acústica dos sons lingüísticos. 4.3. Representación gráfica e clasificación dos sons lingüísticos. 4.4. Métodos de análise e estudio do son lingüístico. 4.5. Trazos suprasegmentais: melodía, ton e entoación. 4.6. Os sistemas fonolóxicos.
5. Da palabra ao discurso.	5.1. A forma das palabras. A morfoloxía. 5.1.1. Estrutura interna e clasificación das palabras. 5.1.2. A análise morfolóxica e as súas unidades: morfema e palabra. 5.1.3. Procesos de formación de palabras. Flexión, derivación, ... 5.2. A estrutura da oración. A sintaxe. 5.2.1. As relacións sintácticas: constituíntes e dependencia. 5.2.2. Funcións sintácticas. 5.2.3. Unidades sintácticas. 5.2.4. Os estratos sintáctico, semántico e informativo. 5.2.5. Discurso: cohesión e coherencia.
6. O significado.	6.1. O significado lingüístico. A semántica. 6.1.1. Tipos de significado. 6.1.2. O significado e o léxico: análise compoñencial e relacións semánticas. 6.1.3. O significado e a oración: proposición, significado comunicativo e relacións semánticas. 6.2. Significado, intención e contexto; a interpretación. A pragmática. 6.2.1. Deixe. 6.2.2. Presuposición. Inferencia. 6.2.3. Principio de cooperación: implicaturas conversacionais. Relevancia. 6.2.4. Actos de fala. 6.2.5. O significado social: cortesía e imaxe. 6.2.6. A conversa e outros formas dialogais.
7. Unidade e diversidade das linguas.	7.1. Lingua e sociedade. A sociolingüística. 7.1.1. Conceptos básicos. 7.1.2. Variación sincrónica e lingua estándar. 7.1.3. A variación lingüística no tempo: o cambio lingüístico. 7.1.4. O contacto de linguas. 7.1.5. Lingua e cultura: o relativismo lingüístico. 7.2. Universais e tipoloxía lingüística. 7.2.1. Clasificación das linguas. 7.2.2. Universais lingüísticos.
8. Aplicacións da lingüística.	8.1. Para que serve a lingüística? 8.2. A lingüística noutros campos científicos: o desenvolvemento científico e tecnolóxico. 8.3. Lingüística e desenvolvemento social.

## Planificación

Metodoloxías / probas	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Lecturas	0	27	27
Obradoiro	13	0	13
Proba mixta	2	20	22
Seminario	12	3	15
Sesión maxistral	37	5	42
Traballos tutelados	10	20	30
Atención personalizada	1	0	1

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

## Metodoloxías

Metodoloxías	Descripción



Lecturas	As lecturas proporcionarán ao estudiante a maior parte dos contidos do curso, e deberá facer unha ou varias por cada tema. O estudiante deberá plantear na aula as dúbidas que lle xurdiran: o profesor tentará resolvelas ben directamente, ben utilizándolas como base para actividades de estudio de caso, seminario, discusión dirixida, solución de problemas... que levan á súa aclaración. Ademais, o profesor podrá entregarles aos alumnos (individual ou colectivamente) lecturas complementarias de extensión variable, así como suxestións para a ampliación voluntaria de contidos.
Obradoiro	Denominamos así a combinación coordinada de varias metodoloxías das aquí recollidas cun obxectivo común a respecto dun tema ou cuestión: minidebates, textos complementarios, actividades prácticas en grupo, análise de xeito contrastivo de propostas de diferentes autores ou momentos históricos, todo isto de forma secuencial e combinada, perseguindo un propósito único de adquisición de determinados contidos e desenvolvemento de certas competencias.
Proba mixta	A metade a ao final do curso os alumnos deberán realizar unha proba de tipo teórico e aplicado, con preguntas de resposta aberta e/ou fechada, que suporá o 45% da cualificación final.
Seminario	Constituirá un método habitual de trabalho, principalmente nas aulas de grupo mediano e reducido: o profesor planteará algúns temas (ben por iniciativa del, ben pola dos alumnos) sobre os que se traballarán, debatirán e elaborarán conclusións, utilizando materiais aportados polo profesor ou buscados polos estudiantes e, sobre todo, utilizando a reflexión individualizada e grupal e a posta en común.
Sesión maxistral	Habrá unha sesión maxistral de 90 minutos cada semana. Dependendo do tema e/ou do profesor, consistirán na exposición por parte deste dalgúns contidos seleccionados ben por iniciativa propia ou a proposta dos estudiantes, xa sexa para aclarar dúbidas sobre contidos recollidos nas lecturas, corrixilos ou tratar outros completamente novos.
Traballos tutelados	Os alumnos deberán realizar algunas actividades prácticas ou de busca de información seguindo instrucións específicas do profesor e, cando este o determine, sendo controlado o seu traballo cando menos en certas etapas (planificación inicial, estratexia de traballo, ...) O obxectivo é que o estudiante desenvolva dinámicas e prácticas de traballo axeitadas e/ou propias da área de coñecemento.

**Atención personalizada**

Metodoloxías	Descripción
Lecturas	A atención personalizada será unha constante nas sesións de grupo reducido e tamén nas titorías individuais.
Obradoiro	
Proba mixta	
Traballos tutelados	

**Avaliación**

Metodoloxías	Descripción	Cualificación
Obradoiro	Comprende todas as actividades desenvolvidas na aula nas que se terá en conta a asistencia, participación e desempeño do estudiante ao longo do curso	10
Proba mixta	Proba escrita que o estudiante realizará nas datas oficiais marcadas polo centro ao rematar o/s cuadrimestre/s	45
Traballos tutelados	O estudiante deberá realizar TRES actividades a longo do curso	45

**Observacións avaliación**



## Observacións:

1. A CUALIFICACIÓN FINAL de xaneiro responderá ao seguinte reparto porcentual:

1.1. Un 45% obterase pola PROBA MIXTA ESCRITA. No mes de novembro celebrarase unha proba&nbsp;parcial escrita liberatoria da materia: quen a supere, non deberá examinarse deses contidos no exame oficial de xaneiro.

1.2. Un 45% obterase da realización de&nbsp;TRES ACTIVIDADES (individuais ou grupais) ao longo do curso, que serán entregadas obligadamente en formato electrónico e en papel. As actividades deben entregarse nas datas fixadas.

1.3. Un 10% responderá á ASISTENCIA, PARTICIPACIÓN E DESEMPEÑO do estudiante ao longo do curso.

1.4. Os alumnos repetidores que non asistan ás aulas&nbsp;ou os que teñen unha dispensa académica oficial, recibirán un 50% da súa cualificación pola realización da PROBA MIXTA ESCRITA, e outro 50% pola realización das tres ACTIVIDADES (individuais ou grupais) availables.&nbsp;Os alumnos repetidores que non asistan ás aulas deberán comunicarollo ao profesorado da materia durante a primeira semana de clase. De non facelo así, aplicaráselles o mesmo reparto porcentual que&nbsp;aos de primeira matrícula (45%+45%+10%).&nbsp;

## 2. SEGUNDA OPORTUNIDADE DE XULLO:

2.1. Repetición do exame no día oficial (ver datas&nbsp;definitivas na web da Facultade ou no taboleiro oficial).

2.2. Realización da/s&nbsp;actividade/s suspensas (poden ser diferentes ás realizadas en xaneiro, ainda&nbsp;que co mesmo formato).

2.3. Aos estudiantes que non superen a materia en xaneiro e teñan unha puntuación inferior a 5.00 puntos no apartado de asistencia e participación, cualificaráselles co seguinte reparto porcentual na 2ª oportunidade de xullo: (i) proba mixta escrita, 50%; (ii) actividades ou tarefas availables, 50%.

3. CUALIFICACIÓN DE NON PRESENTADO. Recibirán cualificación de Non Presentado (N.P.) só aquelas persoas que: (a) non se presenten a ningunha das probas mixtas escritas e que, ademais, (b) entreguen menos de&nbsp;dúas actividades availables.

## Fontes de información

Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none"><li>- Fasold, R.W. e Connor-Linton, J. (eds.) (2006). An introduction to language and linguistics. Cambridge: Cambridge U. P.</li><li>- Martínez Celadrán, E. (1995). Bases para el estudio del lenguaje. Barcelona: Octaedro</li><li>- O'Grady, W., Dobrovolsky, M. e Katamba, F. (1997). Contemporary linguistics. An introduction. London: Longman</li><li>- Moreno Cabrera, J. C. (2000). Curso universitario de lingüística general. Tomo I: Teoría de la gramática y sistaxis general. Tomo 2: Semántica, Pragmática, Morfología y Fonología. Madrid: Síntesis</li><li>- Yule, G. (2007). El lenguaje. Madrid: Akal (en inglés 4ª ed. del 2010 en Cambridge U.P.)</li><li>- Martín Vide, C. (ed.) (1996). Elementos de lingüística. Barcelona: Octaedro</li><li>- Simone, R. (1993 [1990]). Fundamentos de lingüística. Barcelona: Ariel</li><li>- Tusón Valls, J. (2007). Introducción al lenguaje. Barcelona: UOC</li><li>- Escandell Vidal, V. e otros (2011). Invitación a la lingüística. Madrid: UNED</li><li>- Fromkin, V. (ed.) (2000). Linguistics: an introduction to linguistic theory. Oxford: Blackwell</li><li>- López García, A. e otros (1994). Lingüística general y aplicada. Valencia: Universitat de València</li><li>- Ramallo, F. et al. (2000). Manual das ciencias da linguaxe. Vigo: Edicións Xerais</li><li>- Bernárdez, Enrique (2000). ¿Qué son las lenguas?. Madrid: Alianza</li></ul>
Bibliografía complementaria	

## Recomendacions

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomienda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións



Recoméndaselle ao estudiante que lea atentamente esta guía docente. Nela atoparás resposta a case todas as preguntas que lle xurdan sobre a concepción, organización e obxectivos do curso, pero podes acudir ao profesorado para aclarar calquera cuestión ao respecto. Particularmente, debes prestar especial atención ao seguinte:

1. Realiza puntualmente as lecturas e actividades encomendadas; debes entragalas no día fixado.
- 2.&nbsp;O plaxio total ou parcial de actividades é inadmisible.
- 3.&nbsp;Nas exposicións escritas,&nbsp;se debe ter moi en conta a corrección ortográfica e o estilo.&nbsp;De non ser así,&nbsp;reflectírerase negativamente nas cualificacións.

(\*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías